

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 25/06/2026(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. ALVARO CAROU GARCÍA
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

SECRETARIA
DONA MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR
D. JULIO FONTAÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25/06/2026, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 28 de maio de 2026.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de maio de 2026.
3. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 04/REC/2026/PLENO, por importe de 5.572,94 €
4. Aprobación inicial, se procede, do expediente de modificación orzamentaria, por transferencia de crédito de aplicacións, que financian o PSTD.
5. Aprobación inicial, se procede, do expediente de modificación orzamentaria, por Suplemento de Crédito, para amortización extraordinaria de préstamo.
6. Aprobación, se procede, do expediente de contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación armonizada e tramitación ordinaria do contrato de servizos denominado "servizo de limpeza, recollida de papel para a súa destrución certificada e desinfección de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcia de Arousa", así como os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares.

7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
9. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
11. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
12. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.
13. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.
14. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Alberto Fandiño Mariño e Dña. Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

O Sr. Alcalde indica que se vai gardar un minuto de silencio polas vítimas do terremoto sufrido polo pobo venezolano.

O Sr. Alcalde pide que se disculpe o retraso do Sr. Fajardo Recouso, debido a temas laborais.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 28 DE MAIO DE 2026.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21) a acta da sesión anterior de data 28 de maio de 2026.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260625&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MAIO DE 2026: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 3 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 1 Modificación resolución Actos Santa Rita xubilacións
- 1 Axudicación obra (acondicionamento rúa Laureano Gomez Paratcha)
- 2 Aprobación plan seguridade e saúde obra
- 1 Aprobación definitiva lista persoal directivo e docente obradoiro emprego Forme 2026
- 2 Renovación carné municipal conductor taxi
- 1 Renovación licenza municipal conductor taxi
- 1 Suspensión temporal título habilitante taxi
- 2 Expediente transferencia de crédito
- 4 Expediente modificación de crédito
- 4 Levantamento reparo facturas
- 8 Proxecto gasto
- 3 Denegación empadroadamento ficticio
- 10 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 6 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 2 Resolución sancionadora expediente de tráfico
- 4 Resolución estimatoria/deseestimatoria GTT-Tributos_RECADACIÓN
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 3 Substitución posto categoría superior
- 2 Corrección erro RRHH
- 1 Execución sentenza aboamento nocturnidade
- 1 Listaxe provisional admitidos/excluídos, persoal directivo e docente obradoiro de emprego FORME 2026
- 1 Pagamento plan de pensións Abril 2026
- 1 Vacacións conserxes
- 2 Expediente sancionador empregado municipal
- 1 Abono taxa publicación BOP
- 1 Adxudicación contrato menor Dirección obra
- 2 Licenza animais potencialmente perigosos
- 2 Renovación licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Facturación EIM maio 2026
- 94 Resolución estimatoria/deseestimatoria GTT-TESOURERIA

- 1 Cancelación contas bancarias
- 80 Orde de pago
- 6 Comisiós bancarias
- 1 Pago préstamo
- 1 Liquidación recargo IRPF
- 1 Reintegro indebido
- 1 Licenzas primeira ocupación
- 25 Comuncación previa obras menores
- 17 Licenza obras menores
- 2 Declaración ineficacia comunicación previa obras menores
- 2 Licenza obra maior
- 1 Cambio titularidade licenza obra maior
- 3 Renuncia licenza obra maior
- 3 Prórroga licenza obra maior
- 2 Comunicación apertura establecemento
- 2 Arquivo comunicación previa apertura establecemento
- 3 Ineficacia comunicación previa apertura establecemento
- 1 Desestimación apertura establecemento
- 23 Deber de conservación
- 5 Recurso contencioso-administrativo
- 5 Reposición legalidade urbanística
- 1 Sancionador actividades
- 1 Ampliación prazo requirimento subsanación deficiencias

TOTAL: 355

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260625&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 04/REC/2026/PLENO, POR IMPORTE DE 5.572,94€.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 22 de xuño de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria de Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Relación de facturas F/2026/93 cun importe de 5.572,94 € que comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2026 de contratos menores de subministracións derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais realizadas no exercicio 2025, que tiveron entrada nos meses de abril e maio de 2026 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.

Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 5.572,94 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial

de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012. Logo de ver o Informe de Intervención, JFC/663/2026 (CSV K4ZO4PNUM6N0K5QO) de data 15/06/2026, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 04/REC/2026/PLENO por importe de 5.572,94 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 04/REC/2026/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos na relación de facturas Nº F/2026/93 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 5.572,94 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 04/REC/2026/PLENO, por importe de 5.572,94€.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 04/REC/2026/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos na relación de facturas Nº F/2026/93 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 5.572,94 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260625&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DE APLICACIÓN, QUE FINANCIAN O PSTD.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

A XGL en data 18/05/2026 tomou razón da Resolución de 11 de maio de 2026 da Secretaría de Estado de Turismo, modificadora da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino, autorizando a transferencia de 60.948,53€ existente nos remanentes do Eixe 3 (Transición digital) dos proxectos 2023-2-NEXT-5 e 2023-2-NEXT-6 para ampliar as actuacións no proxecto 2023-2-NEXT-9.

Visto que o financiamento autorizado pola Secretaría de Estado atópase dentro dun Eixe programático con diferente área de gasto e polo tanto trátase dunha transferencia de crédito das aplicacións orzamentarias de Gastos do vixente orzamento municipal, entre distintas áreas de gasto e por importe de 60.948,53€, con data 10/06/2026 ordenouse a incoación do expediente 12/TC/2026 de Modificación orzamentaria por transferencia de crédito.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención JFC/660/2026 (csv XMJCIIJ7XR48101B3) adxunto ó expediente, que existen exceso de financiamento nos proxectos indicados, esta

Alcaldía, de conformidade cos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 40 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, e Base 12 de execución do Presuposto propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente Nº 12/TC/226 de transferencia de créditos da maneira que a seguir se indica:

1. Aplicacións orzamentarias de gastos onde os créditos se minoran:

AREA DE GASTO 4

Pro.	Eco.	Descrición	Importe €	PROXECTO
432	6410018	TURISMO-GASTOS EN APLICACIÓNES INFORMÁTICAS FONDOS NEXT	31.913,85	2023-2-NEXT-5
432	6410018	TURISMO-GASTOS EN APLICACIÓNES INFORMÁTICAS FONDOS NEXT	29.034,68	2023-2-NEXT-6
		TOTAL	60.948,53	

2. Aplicacións orzamentarias de gastos onde os créditos se incrementan:

AREA DE GASTO 1

Pro.	Eco.	Descrición	Importe €	PROXECTO
133	6090018	ORDEAC. TRÁFICO E EST.- NOVAS INFRAES. E BENS N. FONDOS NEXT	60.948,53	2023-2-NEXT-9
		TOTAL	60.948,53	

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente de transferencia de crédito Nº 12/TC/2026 mediante anuncio publicado no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

TERCEIRO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de transferencia de crédito Nº 12/TC/2026, será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación das modificacións orzamentarias por transferencia de crédito de aplicacións, que financian o PSTD.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2), e oito votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente Nº 12/TC/226 de transferencia de créditos da maneira que a seguir se indica:

1. Aplicacións orzamentarias de gastos onde os créditos se minoran:

AREA DE GASTO 4

Pro.	Eco.	Descrición	Importe €	PROXECTO
432	6410018	TURISMO-GASTOS EN APLICACIÓNES INFORMÁTICAS FONDOS NEXT	31.913,85	2023-2-NEXT-5
432	6410018	TURISMO-GASTOS EN APLICACIÓNES INFORMÁTICAS FONDOS NEXT	29.034,68	2023-2-NEXT-6

		TOTAL	60.948,53	
--	--	-------------	-----------	--

2. Aplicacións orzamentarias de gastos onde os créditos se incrementan:

AREA DE GASTO 1

Pro.	Eco.	Descrición	Importe €	PROXECTO
133	6090018	ORDEAC. TRÁFICO E EST.- NOVAS INFRAES. E BENS N. FONDOS NEXT	60.948,53	2023-2-NEXT-9
		TOTAL	60.948,53	

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente de transferencia de crédito Nº 12/TC/2026 mediante anuncio publicado no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

TERCEIRO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de transferencia de crédito Nº 12/TC/2026, será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260625&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO, PARA AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE PRÉSTAMO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta de Alcaldía do seguinte teor:

A Liquidación do Orzamento do exercicio 2025 do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobada por Resolución da Alcaldía de data 27 de abril de 2026 da que se dou conta ao Pleno na sesión que tivo lugar o día 28/05/2026 e no que consta Informe de Intervención de Estabilidade Orzamentaria con referencia JFC/419/2026 no que indica o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria cun superávit de 1.703.603,07€, Regra de Gasto positiva e Volume de Endebedamento por debaixo dos límites establecidos e no que se obtivo un Remanente Líquido de Tesourería de 3.562.717,95€ sendo o dispoñible actual de 2.674.479,76€.

Tendo en conta o disposto polo art. 32 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF) que indica:

(...)Artigo 32. Destino do superávit orzamentario.

No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, comunidades autónomas e corporacións locais, a reducir o endebedamento neto. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender as necesidades futuras do sistema.(...)"

Visto o ingreso realizado na Tesourería municipal en data 27/11/2025 por importe de 598.023,26€ dos fondos FEDER 2014-2020 derivados da "Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado" (EDUSI) e dado que se trata de fondos remanentes de dita estratexia polo que unha vez aplicados aos proxectos afectados polos mesmos consideramos que podemos dispoñen dun remanente extraordinario de 344.494,53€.

Tendo en conta o recollido no art. 12.5 da citada LOEOSF en canto á Regra de Gasto que indica: "(...) 5. Os ingresos que se obteñan por riba do previsto destinaranse íntegramente a reducir o nivel de débeda pública

Á vista do Estado da débeda obrante no proxecto de Orzamentos para 2026 que neste intre se atopa en exposición pública e no que consta o préstamo que a seguir se describe, considerando que sería a operación máis convinte amortizar polas súas condicións financeiras:

- Préstamo núm. 2021/1/009595 asinado con UNICAJA BANCO, S.A. o 03/09/2021 por importe de 3.500.000,00€, con un tipo de xuro variable de euribor a 3 meses máis 0,53

cun capital pendente a 15/06/2026 de 1.774.494,53€

Estas amortizacións extraordinarias implicarán a redución dos gastos financeiros para o exercicio 2026, reducindo a ATA 2026 en concepto de cotas de amortización en 917.327,51€, e en consecuencia a débeda viva o volume de endebedamento, favorecendo o aumento do aforro neto.

Visto que na aplicación orzamentaria correspondente á Área de gasto 011 “Débeda Pública” do Orzamento vixente, non existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte á amortización anticipada por importe de 1.774.494,53€.

Visto o informe de Intervención favorable de data 17/06/2026 obrante no expediente INT/2026/000395.

Esta Alcaldía dacordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 32 da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 01/SC/2026, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
011	913	DÉBEDA PÚBLICA-AMORTIZ. PRÉSTAMOS	1.344.494,53 €
		TOTAL	1.344.494,53 €

SEGUNDO: Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Euros
87000	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.000.000,00 €
79117	TRASNF. CAPITAL FEDER AVANZA	344.494,53 €
	TOTAL	1.344.494,53

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de suplemento de crédito Nº01/SC/2026, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Considerando urxente a actuación coa fin de proceder á amortización da débeda tendo en conta as previsións de incremento dos tipos de xuro debido á situación economía internacional, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2025, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de suplemento de crédito Nº 01/SC/2026 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria, por suplemento de crédito, para amortización extraordinaria de préstamo.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concellerios/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 01/SC/2026, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
011	913	DÉBEDA PÚBLICA-AMORTIZ. PRÉSTAMOS	1.344.494,53 €
		TOTAL	1.344.494,53 €

SEGUNDO: Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
87000		REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.000.000,00 €
79117		TRASNF. CAPITAL FEDER AVANZA	344.494,53 €
		TOTAL	1.344.494,53

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de suplemento de crédito Nº01/SC/2026, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Considerando urxente a actuación coa fin de proceder á amortización da débeda tendo en conta as previsións de incremento dos tipos de xuro debido á situación económica internacional, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2025, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de suplemento de crédito Nº 01/SC/2026 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260625&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN ARMONIZADA E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO "SERVIZO DE LIMPEZA, RECOLLIDA DE PAPEL PARA A SÚA DESTRUCCIÓN CERTIFICADA E DESINFECCIÓN DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", ASÍ COMO OS PREGOS DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES. - Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO SERVIZO DE LIMPEZA, RECOLLIDA DE PAPEL PARA A SÚA DESTRUCCIÓN CERTIFICADA E DESINFECCIÓN DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

Con data 27 de marzo de 2026 o encargado de mantementos municipais emitiu informe co seguinte tenor literal:

“O concello de Vilagarcía de Arousa para poder exercer as competencias que a lexislación vixente lle encomenda, dispón dunha serie de edificios e instalacións, dependentes do concello, onde se albergan servizos de diversa tipoloxía: administrativos, institucionais, culturais,

deportivos, educativos, etc.

Nos devanditos edificios e instalacións faise necesaria a prestación dos servizos que a continuación se indican e polos motivos sinalados:

1.- SERVIZO DE LIMPEZA:

A prestación dun servizo de limpeza adecuado é necesaria para manter e conservar os edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa, nunhas condicións de salubridade óptimas para a súa utilización, tanto polos empregados municipais como polos usuarios das mesmas. Para iso, é preciso realizar diaria e periodicamente labores de limpeza nos inmobles que a continuación se indican:

Colexios:

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
1. CEIP Rubiáns	Rúa do Ensino, nº 10
2. CEIP A Lomba	Rúa A Xunqueira
3. CEIP Anexo A Lomba	Xardíns Dr. Fleming
4. CEIP Arealonga	Rúa A Xunqueira (A Lomba)
5. CEIP Rosalía de Castro	Rúa do Colexio, nº 16
6. CEIP A Escardia	Rúa López Ballesteros, s/n
7. CENTRO Educación Especial)	Xardíns Dr. Fleming, s/n
8. CEIP de Vilaxoán	Rúa Cultura, nº 4
9. CEIP O Piñeiriño	Rúa Adolfo Pedrido Morla, nº1
10. Escola de Educación Infantil Vilar-Bamio	Bamio (San Xens)
11. Escola de Educación Infantil de Aralde-Sobrán	Sobrán (San Martiño de Afora)

Escola Municipal de Música

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
Escola Municipal de Música “Bernardo del Río”	Avda. Rosalía de Castro, nº 14

Escolas de Educación infantil 0-3 anos.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
1. Escola de Educación Infantil de Carril (Galiña azul)	Rúa Os Anxos, 9-13
2. Escola de Educación Infantil de Vilaxoán (Galiña azul)	Rúa Miramar

Edificios e Instalacións Culturais.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
1. Casa da Cultura de Vilagarcía de Arousa	Rúa do Río, s/n
2. Sala de exposiciones Rivas Briones	
3. Salón García	
4. Plaza Peixería	Avda. da Mariña
5. Dependencias edificio del Auditorio	Avda. da Mariña, s/n

Bibliotecas.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
1. Biblioteca municipal Rosalía de Castro	Rúa Castelao
2. Agencia de lectura de Bamio	
3. Agencia de lectura de Carril	
4. Agencia de lectura de Vilaxoán	

Nave Servicio Municipal de Obras.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
Nave servicio municipal de Obras	Polígono Industrial T. Badiña – Rúa do Enxeño s/n

Casa Consistorial.

NOMBRE DEL CENTRO	UBICACIÓN
Casa Consistorial	Praza Ravella, s/n

Edificios e Instalacións de carácter turístico.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
1. Museo Ferrocarril.	Avda. Rosalía de Castro
2. Aseos públicos parque praia Compostela	Praia Compostela
3. Aseos públicos de temporada nas praias de Compostela-A Concha, Vilaxoán e Bamio	Praias Concha-Compostela, Vilaxoán e Bamio

Edificios e Instalacións Servicio de Promoción Económica.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
1. Escola Obradoiro	Agustín Romero
2. Centro de formación Matosinhos	Rúa Matosinhos

Edificio e Instalacións Oficina de formación e atención dixital.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
Oficina de información e atención dixital (quiosco)	Arcebispo Lago

Edificios e Instalacións Servizo Municipal de emerxencias.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
Edificio Servizo Municipal de Emerxencias	Avda. Agustín Romero,52

Aparcamientos.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
Aparcamiento Xoan XXIII	Praza Xoán XXIII

Mercados de abastos.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
1. Edificio del mercado de abastos de Vilagarcía de Arousa	C/ Alexandre Bóveda
2. Edificio del mercado de abastos de Vilaxoán	

Elevador do paso inferior da estación ferrocarril que conecta con A Escardia.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
Ascensor del paso inferior de la estación ferrocarril que conecta con A Escardia	Praza da estación s/n

Edificios e instalacións deportivas.

NOME DO CENTRO	UBICACIÓN
1. Pavillón 1 del complexo deportivo de Fontecarmoa -Sara Gómez-	R/ Adolfo Pedrido Morla
2. Pavillón 2 del complexo deportivo de Fontecarmoa	

3. Pavillón de Carril	
4. Pavillón de Faxilde	
5. Pavillón de Guillán	
6. Pavillón y casa de cultura de A Torre	
7. Pavillón Castelao-Helena Mariño	R/ Castelao
8. Dependencias da Fundación de Deportes no campo de fútbol municipal de A Lomba	
9. Estadio de atletismo e campo de fútbol Manuel Jiménez	
10. Campo de fútbol de Berdón	
11. Nave de usos náuticos	
12. Centro de remo de Vilaxoán	
13. Recinto A Maroma	A Maroma

2.- SERVIZO DE RECOLLIDA DE PAPEL XERADO NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS PARA A súa DESTRUCCIÓN CERTIFICADA:

A protección da intimidade das persoas esixe que, como recolle a normativa vixente, os documentos que se eliminan sexan destruídos de forma que a súa reconstrución e a posterior utilización da información que conteñen sexa imposible.

Ao obxecto de protexer os datos de carácter privado que poidan conter determinados documentos e cumprir co disposto pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Privados e garantía dos dereitos dixitais (LOPD-GDD), Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPd), así como as demais disposicións que, en materia de protección de datos resulten aplicables, é necesario contar cun servizo de recollida e destrución certificada de documentos que garanta a protección de datos privados e sensibles dos cidadáns, os cales poderían verse expostos se unicamente se utiliza o sistema ordinario de depósito de documentos en papeleiras e baleirado das mesmas.

Para ese efecto considérase preciso instalar, nas dependencias que a continuación se indica, contedores específicos para a recollida de documentación en papel que conteña datos de carácter privado e/o confidencial e que será obxecto de destrución documental certificada:

EDIFICIO	SERVIZO	Nº CONTENEDORES	CAPACIDADE CONTENEDORES (Litros)
Casa consistorial	Policia Local	1	240
	Servizos Sociais	1	240
	Secretaría	1	240
	Entrechán	1	240
	Rexistro	1	70
	Portería	1	240
	Área económica	1	240
	Urbanismo	1	70
	CIM	1	240
	Alcaldía	1	70
	Cultura,	1	240
Auditorio	Conservatorio	1	70
	Electricidade	1	70
	Escola municipal música	1	70
Recinto A Maroma	Fundación deportes	1	70

3.- 3.- SERVIZO DE DESINFECCIÓN DOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

O art. 5.1 do Real Decreto 487/2022, do 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e o control da legionelosis dispón que “as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións obxecto deste real decreto son as responsables do cumprimento do disposto neste real decreto”. No seu art. 3, devandita norma preceptúa que “As medidas contidas neste real decreto aplicaranse ás instalacións que poidan ser susceptibles de converterse en focos de exposición humana á bacteria e, por tanto, de propagación da enfermidade da legionelosis durante o seu funcionamento, probas de servizo ou mantemento, talles como as descritas no anexo I”. Entre as instalacións recollidas no Anexo I figuran os sistemas de auga sanitaria.

A desinfección de edificios e instalacións municipais xorde da necesidade de dar cumprimento ao disposto no Real Decreto 487/2022, do 21 de xuño, antes citado, coa finalidade de protexer os usuarios e traballadores dos edificios e instalacións municipais mediante a aplicación de tratamentos de prevención e control contra a legionela, especialmente naquelas instalacións nas que existen duchas.

Devandito tratamento debe ser realizado por persoal con formación especializada na materia conforme ao disposto polo art. 18 do amentado Real Decreto.

A continuación detállanse os edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa nos que, por contar con duchas, considérase necesario realizar o tratamento preventivo contra a legionela:

Edificio/instalación
Pavillón 1 complexo Deportivo de Fontecarmoa -Sara Gómez-
Pavillón 2. complexo Deportivo Fontecarmoa
Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez. complexo Deportivo Fontecarmoa
Pista atletismo. complexo Deportivo Fontecarmoa
Pavillón Municipal Castelao – Helena Mariño
Pavillón Municipal de Faxilde
Pavillón Municipal A Torre
Pavillón Municipal de Carril
Pavillón Municipal de Guillán
Campo de Fútbol Municipal de Bamio - Mari Paz Vilas
Campo de Fútbol Municipal de Berdón
Campo de Fútbol Municipal de A Lomba
Vestuarios anexos campo fútbol municipal de A Lomba
Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán
Campo de Fútbol Municipal de A Pelada
Club de Remo de Vilaxoán
Nave Usos Náuticos
Instalacions A Maroma
Edificio Auditorio
Praza Peixería
Casa Cultura Vilagarcia, Salón García (ACS) e Sala Rivas Briones
Nave Servizo Municipal de Obras
Casa Consistorial (ACS en dependencias Policía Local)
Instalacións Servizo Municipal de Emerxencias
Colexio de educación especial
CEIP Arealonga (Pavillón)
CEIP O Piñeirño

A prestación dos servizos indicados debe ser realizada por empresa/s externas, posto que o concello carece dos medios materiais e humanos necesarios para iso:

- Insuficiencia de medios materiais: O concello non dispón dos medios materiais necesarios para prestar os servizos antes indicados, como é o caso de máquinas de limpeza (varredoras, fregadoras, pulidoras, etc.) ou de destrución de papel, produtos de limpeza e desinfección, laboratorio para realizar as análíticas de mostras de auga sanitaria, así como doutros elementos auxiliares necesarios para para a prestación dos servizos.

- Insuficiencia de medios humanos: Non existen no persoal do Concello traballadores para poder levar a cabo as prestacións obxecto do contrato, máxime tendo en conta o elevado volume de tarefas de limpeza a realizar nos edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de

Arousa ou a necesidade de contar con formación adecuada para realizar os traballos de desinfección dos edificios e instalacións (prevención e control da legionelosis).

Polo exposto considérase necesario contratar con empresa/s externo os servizos de limpeza, recollida de papel para a súa destrución certificada e desinfección de edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa.”

Cualificación do contrato

Á vista do contido das prestacións que é necesario contratar, o contrato tipifícase como contrato de servizos de conformidade co disposto no art. 17 da lei 9/2017 de contratos do sector público (LCSP).

Necesidade do contrato e insuficiencia de medios

O informe emitido con data 27 de marzo de 2026 polo encargado de mantementos municipais pon de manifesto a necesidade do contrato e a insuficiencia de medios municipais, tanto materiais como humanos para a realización dos servizos indicados no mesmo, polo que é preciso licitar das citadas prestacións.

Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a prestación dos servizos de limpeza, recollida de papel para a súa destrución certificada e desinfección de edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa a que fai referencia o encargado de mantementos municipais no informe anteriormente transcrito.

Dado que é necesario contratar distintos servizos, considérase adecuado dividir o obxecto do contrato en lotes, conforme ao disposto no art. 99 da LCSP, posto que é posible a realización independente de cada un dos servizos contidos no mesmo, posibilitando así a concorrencia á licitación dun maior número de empresas.

De acordo co disposto no art. 99.7 da LCSP, cada lote constituirá un contrato.

Os lotes en que divide o obxecto do contrato son os seguintes:

Nº lote	Denominación
1	Limpeza de los edificios e instalacións dependentes del Concello de Vilagarcía de Arousa
2	Desinfección dos edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa
3	Recollida de papel xenerado nas dependencias municipais para a súa destrución certificada

Duración do contrato

Prevese unha duración inicial dos contratos de dous anos, prorrogables por anualidades ata un máximo de tres; é dicir, os contratos poderán alcanzar unha duración máxima de cinco anos contados a partir do 1 de setembro de 2026 ou desde a data de formalización do correspondente contrato en caso de ser esta posterior ao 01/09/2026.

Orzamento de licitación e valor estimado

O orzamento de licitación do contrato calculouse tendo en conta o seguinte:

- Lote 1: Dado que existe persoal obxecto de subrogación, tivéronse en conta os custos da man de obra derivados do convenio colectivo de aplicación (Convenio Colectivo provincial de Limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra, BOP nº 164, de 28/08/2019, o cal ten a súa vixencia prorrogada), así como o valor de mercado das distintas subministracións e servizos necesarios para a execución da prestación obxecto do lote.

- Lote 2: Non existe persoal obxecto de subrogación. Para o cálculo do custo do servizo tomouse como referencia os prezos unitarios de licitación e/o adxudicación en procedementos de licitación tramitados por outros poderes adxudicadores. Nos devanditos prezos están incluídos os custos laborais de prestación do servizo, así como todos os gastos que a empresa debe realizar para a execución das prestacións contratadas, como gastos en materiais, desprazamentos, seguros, etc.

- Lote 3: Non existe persoal obxecto de subrogación. Para o cálculo do custo da prestación tomouse como referencia o prezo de mercado, en 2025, correspondente ao alugueiro dos contedores, recollida dos mesmos e destrución do papel.

A continuación móstrase o orzamento de licitación de cada lote e o total acumulado:

Orzamento de licitación	Sin IVE (€)	IVE (21%) (€)	Total (IVE inc.) (€)
LOTE 1 (Limpeza de edificios e instalacións)	3.113.587,15	653.853,30	3.767.440,46
LOTE 2 (Desinfección de los edificios e instalacións)	79.051,04	16.048,06	95.099,11
